

XORNADA INFORMATIVA MICROPLÁSTICOS & COSMÉTICA

MUSEO MAN DE CAMELLE

SÁBADO 24 DE MARZO DE 2018 ÁS 17:00H



**PELIGRO
MATERIAS
TÓXICAS**

Os ecosistemas mariños están gravemente ameazados polo consumo de plásticos e, de todo tipo de materias tóxicas que de forma diaria consumimos. Traballos científicos coinciden en sinalar que supoñen un grave perigo para a vida mariña e, para nós mesmos porque os consumimos de forma directa a través, por exemplo, da cosmética. Un problema de alcance mundial que é preciso dar a coñecer.

Porque... ¿Canto tardan en desaparecer os plásticos que chegan ao mar ou á costa? ¿De que maneira se desintegran? ¿Que pasa se os peixes os comen? ¿Conteñen plásticos os produtos de hixiene e maquillaxe? ¿Son seguros os seus ingredientes? ¿Que son os parabenos, os ftalatos, os PEG, ...?

Manfred Gnädinger abordou dende cedo esta cuestión, revelandoa na súa obra a través dos plásticos que recollía na súa contorna e, que transformaba nas coñecidas *crebas* de plástico.

Neste senso, dende o **Museo Man de Camelle**, queremos darlle continuidade, apostando pola concienciación, a divulgación e; promovendo prácticas respetuosas co medio ambiente e, de consumo responsable.

OBXECTIVOS

- Dar visibilidade á contaminación por microplásticos ¿Onde se atopan? ¿En que forma os consumimos?
- Informar á poboación sobre os compoñentes da cosmética industrial.
- Sensibilizar á poboación sobre a gran problemática que supón a proliferación de plásticos e o seu consumo.
- Promover accións para evitar o consumo de microplásticos e cosmética tóxica.
- Fomentar a protección e restauración das áreas mariñas.
- Contribuir á cohesión social.
- Aminorar a brecha xeracional.

PROGRAMA

Apertura da xornada

Relatorios:

- » **A contaminación por microplásticos no medio mariño.**

Juan Bellas Bereijo

Profesor de Investigación OPIs

Instituto Español de Oceanografía (IEO)

Centro Oceanográfico de Vigo

- » **Máis aló da beleza. Avaliación da presenza de sustancias potencialmente tóxicas en cosméticos.**

Dra. María Celeiro Montero

Departamento de Química Analítica, Nutrición y Bromatología

Universidade Santiago de Compostela

- » **Cosmética natural, a alternativa sana e sostible.**

Mara Esmorís

Enxeñeira Química e Cosmetóloga

Xerente de lily & WHITE (alta cosmética orgánica)

Coloquio

Clausura

INFORMACIÓN PRÁCTICA:

Destinatarios: Tódolos públicos.

Correo electrónico: museodoman@camarinas.net

Teléfono: 665 133 864.

Enderezo: Rúa do Muelle nº9 C.P 15121 Camelle – Camariñas.

